


CIENCIAS SOCIAIS 1

Obseva esta paisaxe atentamente.



VOCABILARIO:

OUTEIRO.- Un outeiro é unha parte de terreo un pouco elevada e que está soa. É como unha montaña pequeniña.

CHAIRA.- É unha parte de terreo plana, sen outeiros nin montañas.

1º) Completa:

As SERRAS están formadas por un conxunto de _____

2º) Escribe si esta paisaxe parécese á túa e di porque.

i Observa a lámina, le as palabras e escríbeas onde corresponda.

Elementos
naturais

Elementos
construídos

OLLO!!! Os elementos construídos son aqueles que os seres humanos fixeron e que transforman as paisaxes naturais. Tamén se lles chama **elementos humanizados**.

COMPROBA como o fixeches:

1º) Completa:

As SERRAS están formadas por un conxunto de **MONTAÑAS**.

2º) Escribe si esta paisaxe parécese á túa e di porque.

Esta paisaxe non se parece moito á nosa porque na nosa non hai río, hai praia e non hai montañas, pero si hai estradas e autoestradas.

Elementos naturais: **serra, bosque, outeiro, chaira e río.**

Elementos construídos: **granxa, ponte, estrada e autoestrada.**

CIENCIAS SOCIAIS 2

LEMBRA:

As **montañas** son terreos altos. Nunha montaña distinguimos tres partes: o cume, a ladeira e o pé.

1º) Onde colocarías estas partes na fotografía?

1 cume

2 ladeira

3 pé



2º) Contesta a estas preguntas no teu caderno:



- A que estación corresponde cada fotografía?
- Que diferenzas e semellanzas encontras nesta paisaxe ao longo do ano?

3º) Observa a seguinte ilustración que xa coñeces.

Nesta ilustración podemos ver unha **paisaxe de montaña**. Lembra que nunha paisaxe atopamos **elementos naturais** e **elementos construídos ou humanizados**.

VOCABULARIO

Encoro: é unha construción que impide o paso das augas para que estas se acumulen.



4º) Escribe no teu caderno nun recadro os elementos naturais da paisaxe de montaña da ilustración, e noutro recadro os elementos construídos ou humanizados.

5º) Completa:

- Nunha montaña podemos distinguir tres partes: o _____, a _____ e o _____.
- Un grupo de montañas forman unha _____.
- Un grupo de serras forman unha _____.

6º) Observa de novo a ilustración. Nela podes ver unha vila. Pon se as seguintes oracións son verdadeiras ou falsas:

- Nunha vila atopamos edificios de moitos pisos.
- Nunha vila hai moito tráfico.
- Nunha vila viven poucas persoas.
- Arredor dunha vila podemos atopar paisaxes naturais.

COMPROBA como o fixeches:

1º) **Pé** na parte de abaixo. **Ladeira** na parte do medio. **Cume** na parte de arriba.

2º) A foto 1 está na **primavera** ou no verán.

A foto 2 está no **inverno**.

4º)

ELEMENTOS NATURAIS

Montaña, serra, cordilleira,
prados, bosque, val, campos
e río.

**ELEMENTOS CONSTRUÍDOS
OU HUMANIZADOS.**

Encoro, vila, camino e
estrada.

5º) Completa:

- Nunha montaña podemos distinguir tres partes: o **pé**, a **ladeira** e o **cume**.
- Un grupo de montañas forman unha **serra**.
- Un grupo de serras forman unha **cordilleira**.

6º)

- Nunha vila atopamos edificios de moitos pisos. **FALSO**
- Nunha vila hai moito tráfico. **FALSO**
- Nunha vila viven poucas persoas. **VERDADEIRO**
- Arredor dunha vila podemos atopar paisaxes naturais. **VERDADEIRO**

CIENCIAS SOCIAIS 3

LEMBRA: hai paisaxes de montaña e tamén hai paisaxes de chaira.

1º) Le o seguinte texto atentamente:

A paisaxe de chaira

A **chaira** é unha grande extensión de terreo chan e sen montañas altas.

Nas **chairas** podemos encontrar pequenas montañas illadas chamadas **outeiros**.

As terras das paisaxes de chaira adoitan ser moi boas para a agricultura. Hai moitos campos de cultivo.

Tamén hai localidades grandes moi ben comunicadas porque hai moitas estradas, autoestradas ou vías de ferrocarril.

As chairas que son máis elevadas que as terras que as rodean chámanse **mesetas**. Pola contra, as que son máis baixas que as terras que as rodean chámanse **depresións**.



2º) Logo de ler o texto, pon si as seguintes oracións son verdadeiras ou falsas:

- A chaira é unha pequena extensión de terreo.

- Nunha chaira non hai montañas altas.
- Podemos atopar outeiros nas chairas.
- Os outeiros son montañas moi altas e ailladas.
- Non atopamos campos de cultivo nas chairas.
- Nas paisaxes de chaira hai localidades pequenas como vilas ou aldeas.

3º) Volve a ler o texto e contesta ás seguintes preguntas:

- Que é unha chaira?
- Que é un outeiro?
- Cando as chairas son máis elevadas que as terras que as rodean chámanse_____.
- Cando as chairas son máis baixas que as terras que as rodean chámanse_____.
- Porque están bien comunicadas as localidades grandes que hai nas paisaxes de chaira?

COMPROBA como o fixeches:

2º)

- A chaira é unha pequena extensión de terreo. **FALSO**
- Nunha chaira non hai montañas altas. **VERDADEIRO**
- Podemos atopar outeiros nas chairas. **VERDADEIRO**
- Os outeiros son montañas moi altas e ailladas. **FALSO**
- Non atopamos campos de cultivo nas chairas. **FALSO**
- Nas paisaxes de chaira hai localidades pequenas como vilas ou aldeas. **FALSO**

3º)


- Que é unha chaira? **É unha grande extensión de terreo chan e sen montañas altas.**
- Que é un outeiro? **Pequenas montañas ailladas.**
- Cando as chairas son máis elevadas que as terras que as rodean chámanse **meseta.**
- Cando as chairas son máis baixas que as terras que as rodean chámanse **depresión.**
- Porque están bien comunicadas as localidades grandes que hai nas paisaxes de chaira? **Porque hai estradas, autoestradas e vías de ferrocarril.**

CIENCIAS SOCIAIS 4

1º) Pon verdadeiro o falso nas seguintes afirmacións.

- Nas paisaxes de chaira encontramos montañas e serras.
- As localidades das paisaxes de chaira están ben comunicadas entre elas.
- As paisaxes de chaira case non están habitadas.
- Moitos bosques das paisaxes de chaira desapareceron e no seu lugar hai campos de cultivo.

2º) Pon cal das seguintes ilustracións son paisaxes de chaira ou paisaxes de montaña:



Primeira ilustración _____

Segunda ilustración _____

Terceira ilustración _____

Cuarta ilustración _____

3º) Observa as seguintes ilustracións:



Que tipo de paisaxe podes ver na ilustración 1? _____.

Que tipo de paisaxe podes ver na ilustración 2? _____.

COMPROBA como o fixeches:

- Nas paisaxes de chaira encontramos montañas e serras.
- As localidades das paisaxes de chaira están ben comunicadas entre elas.
- As paisaxes de chaira case non están habitadas.
- Moitos bosques das paisaxes de chaira desapareceron e no seu lugar hai campos de cultivo.

FALSO

VERDADEIRO

FALSO

VERDADEIRO

2º)

Primeira ilustración PAISAXE DE CHAIRA

Segunda ilustración PAISAXE DE MONTAÑA

Terceira ilustración PAISAXE DE CHAIRA

Cuarta ilustración PAISAXE DE MONTAÑA

3º)

Que tipo de paisaxe podes ver na ilustración 1? MONTAÑA.

Que tipo de paisaxe podes ver na ilustración 2? CHAIRA.